ANUNCIO

O Concello aprobou na sesión plenaria do 20 de novembro de 2026, a seguinte Declaración e moción:

- Declaración Institucional da FEGAMP. Que che doe máís? O 25 de novembro de 2026 - Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, na que se reafirma a firme condena e rexeitamento de todas as formas de violencia machista que atentan contra a liberdade, a dignidade, a seguridade e a igualdade das mulleres
- Moción do PP con motivo da Conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación de Violencia Contra as Mulleres.

CVD: zkPd6yiSX1TemGNwl00p Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP
QUE CHE DOE MÁIS?

25 de novembro de 2026- Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Con motivo do 25 de Novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, dende a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), en representación do municipalismo galego, reafirmamos a nosa máis firme condena e rexeitamento de todas as formas de violencia machista que atentan contra a liberdade, a dignidade, a seguridade e a igualdade das mulleres.

Sempre, pero especialmente nesta data, lembramos ás mulleres vítimas de todas as expresións da violencia machista, as mulleres asasinadas, as que viven baixo a ameaza, o control ou o maltrato, e tamén as súas fillas e fillos, vítimas directas dunha violencia que deixa profundas consecuencias nas súas vidas. Lembramos, así mesmo, as familias e as persoas próximas ás vítimas, que sofren as consecuencias irreparables desta violencia.

As cifras oficiais reflicten a persistencia desta realidade e a necesidade de manter e reforzar as políticas públicas de prevención, protección e atención integral.

Segundo os datos provisionais da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero consultados para a elaboración deste documento, a 27 de outubro de 2026, rexistrábanse en España 43 mulleres asasinadas polas súas parellas ou exparellas no que vai de ano, unha delas en Galicia, ademais de 3 menores tamén asasinados.

Estas cifras non poden quedar nunha estatística. Cada caso representa unha vida truncada, unha contorna familiar afectada e unha chamada de atención sobre a necesidade de reforzar a prevención, a detección temperá, a protección e a atención integral.

CVD: zkPd6yiSX1TemGNwl00p Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

A erradicación da violencia machista require actuar sobre as súas causas: a desigualdade estrutural, os estereotipos sexistas, o control nas relacións afectivas e os discursos que minimizan ou xustifican a violencia. A prevención debe prestar especial atención á mocidade e ás novas formas de violencia dixital e sexual, promovendo relacións baseadas no respecto, no consentimento, na liberdade e no bo trato.

Dende a FEGAMP hai tempo que vimos promovendo a implicación das entidades locais na construción dunha sociedade galega máis igualitaria e libre de violencia machista, mediante iniciativas de sensibilización, colaboración institucional e promoción das políticas municipais de igualdade.

Recentemente impulsamos a iniciativa de sensibilización "Cambia de Bando", pensada para implicar na prevención da violencia de xénero á mocidade desde unha perspectiva participativa, educativa e próxima.

Ao longo de 2025 e ata primeiros de 2026, "Cambia de Bando" percorreu distintos concellos galegos, contando coa colaboración alcaldes, alcaldesas, concelleiros, concelleiras, persoal de servizos municipais e de centros educativos, e sobre todo, e coa participación directa de mozas e mozos. A través de dinámicas participativas, recursos educativos e ferramentas como o cuestionario "Canto machismo tes", a iniciativa procurou abrir espazos de reflexión sobre os estereotipos, os roles de xénero, os comportamentos machistas e as distintas formas nas que pode manifestarse a desigualdade.

A experiencia desenvolvida nos concellos permitiu, ademais, dar un paso máis: transformar esa actividade de sensibilización nunha oportunidade para coñecer mellor a realidade da mocidade participante. En breve publicaremos un informe que reúne, analiza e contextualiza as respostas obtidas ao longo do traballo de campo desenvolvido en dez municipios galegos.

A formación do persoal das administracións locais constitúe outra ferramenta fundamental. Neste sentido, a inclusión no Plan de Formación Continua de 2026 dunha acción específica de sensibilización e estratexias sobre a igualdade e a prevención da violencia de xénero contribúe a reforzar a preparación dos servizos públicos ante situacións que requiren unha intervención adecuada e coordinada.

CVD: zkPd6yiSX1TemGNwl00p Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Reafirmamos o compromiso municipalista que debe traducirse en actuacións continuadas, recursos suficientes e cooperación efectiva entre administracións. Os concellos, pola súa proximidade á cidadanía, somos esenciais na prevención, na detección de situacións de risco, na sensibilización social e na orientación cara aos servizos especializados.

Mais, a erradicación da violencia machista é unha responsabilidade compartida que require a implicación coordinada do Goberno de España, da Xunta de Galicia, das deputacións provinciais e dos concellos, xunto co sistema xudicial, as forzas e corpos de seguridade, os servizos sanitarios, os servizos sociais e as entidades especializadas.

As entidades locais precisamos contar con financiamento suficiente e estable, persoal cualificado, formación continua e protocolos de actuación que favorezan a detección temperá, a atención integral e a coordinación entre servizos.

Consideramos necesario reforzar a cooperación entre administracións, garantir a continuidade dos programas de prevención e atención e facilitar ás entidades locais ferramentas prácticas para o desenvolvemento das súas políticas de igualdade e para o aproveitamento eficaz dos recursos destinados a combater a violencia machista.

Así mesmo, resulta esencial incorporar a perspectiva de xénero ás políticas públicas municipais, promover a igualdade no ámbito laboral, fomentar a corresponsabilidade nos coidados e eliminar os estereotipos sexistas dos espazos públicos, culturais, deportivos e de participación cidadá.

O compromiso municipalista debe ser visible nos orzamentos, nos servizos, nas campañas de sensibilización, na contratación pública e en todas as decisións que contribúan a construír concellos máis seguros, igualitarios e libres de violencia.

Non hai igualdade real mentres persista a violencia machista.

Non pode haber neutralidade posible ante quen a exerce, a xustifica, a minimiza ou a nega.

Non se pode mirar para outro lado.

Que che doe máis?

CVD: zkPd6yiSX1TemGNwl00p Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

PP | GALICIA

MOCIÓN CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Como cada 25 de novembro, temos unha cita coa responsabilidade e co compromiso. Unha data para lembrar a todas as mulleres que sufriron violencia, para acompañar a aquelas que continúan loitando por recuperar a súa liberdade e para esixir que ningunha outra teña que pasar polo mesmo.

A violencia contra as mulleres non é un feito que poida quedar reducida ao ámbito estritamente privado. É unha realidade que afecta á sociedade como conxunto e que se manifesta de moitas maneiras: na violencia exercida no ámbito da parella, nas agresións sexuais, no acoso e intimidación, na explotación, na trata ou na violencia dixital.

Falar de violencia contra as mulleres é falar de liberdade e de dereitos. É dicir, é falar do dereito a poder vivir sen medo, a decidir sobre a propia vida sen ser acosada, a establecer relacións baseadas no respecto e a poder dicir NON sen ter medo de sufrir consecuencias.

Para poder avanzar cara unha sociedade máis igualitaria, a educación e a prevención son, sen dúbida, fundamentais. É preciso educar no respecto e na igualdade desde idades temperás para así poder identificar comportamentos de posesión, de dominio e de control antes de que se convertan en violencia.

Pero a prevención debe ir acompañada dunha resposta efectiva. É dicir, cando unha muller pide axuda, debe atopar institucións preparadas para escoitala, protexela e acompañala.

Neste 25N queremos reivindicar unha sociedade que non se limite a reaccionar cando a violencia xa se produciu, senón que sexa capaz de **anticiparse, previr e transformar**.

Un ano máis, renovamos o noso firme compromiso con todas as mulleres que decidiron romper o silencio e dar un paso adiante. Con todas aquelas que aínda non puideron facelo. E tamén con todas as que xa non están e cuxa memoria nos lembra que non podemos nin debemos baixar a garda.

Avda. Fernando Casas Novoa. Edf. CNL Portal A Baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981552480
ppdegalicia@ppdegalicia.com

CVD: zkPd6yiSX1TemGNWl00p Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

GALICIA

Por unha sociedade libre de violencia contra as mulleres. Por unha Galicia na que todas poidan vivir, decidir e avanzar en liberdade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Monfero propón o seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello de Monfero a:

- Reforzar a detección temperá e a prevención das violencias contra as mulleres e os menores desde os distintos servizos municipais a través de protocolos comúns de detección, actuación e derivación.
- Desenvolver un plan municipal de sensibilización e prevención das violencias machistas, que inclúa campañas específicas para os adolescentes.
- Implantar programas de formación e actualización do persoal municipal, especialmente daquel que leve a cabo funcións de atención á cidadanía para mellorar a detección de posibles situacións de violencia machista, sexual, vicaria ou contra menores, así como coñecer dos protocolos e recursos de atención e derivación.
- Continuar impulsando as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2. Instar ao Goberno de España a:

- Aprobar unha Lei Orgánica Integral contra a Trata de Seres Humanos que estableza un marco común de prevención, persecución do delito, protección das vítimas e coordinación entre as distintas administracións, prestando especial atención á trata con fins de explotación sexual, tal e como xa se fixo en Galicia co II Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

- Reforzar o sistema VioGén e garantir o correcto funcionamento dos dispositivos telemáticos de control das medidas e penas de afastamento, mediante unha auditoría independente que permita coñecer a dimensión

Avda. Fernando Casas Novoa. Edf. CNL Portal A Baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981552480
ppdegalicia@ppdegalicia.com

CVD: zkPd6yiSX1TemGNWl00p Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

GALICIA

dos fallos detectados e depurar as responsabilidades correspondentes; asegurando que os dispositivos sexan seguros, fiables e eficaces; corrixindo os problemas de cobertura, xeolocalización e falsas alarmas, especialmente nos pequenos núcleos de poboación e nas localidades fronteirizas con Portugal; e substituíndo progresivamente os equipos que presenten incidencias ou deficiencias para que as melloras tecnolóxicas beneficien tamén as vítimas que xa están protexidas polo sistema.

- Incrementar os medios humanos, materiais e tecnolóxicos das unidades especializadas na loita contra a violencia sobre as mulleres da Policía Nacional e da Garda Civil, garantindo unha dotación suficiente, estable e adaptada ás necesidades de cada territorio, así como a formación e especialización continuada dos seus profesionais.

- Reforzar as seccións de violencia sobre a muller dos tribunais, dotándoas de máis persoal, medios técnicos e recursos especializados, así como dunha maior formación específica, para reducir os tempos de resposta, evitar a sobrecarga dos órganos xudiciais e garantir unha atención adecuada e integral ás vítimas.

- Poñer á disposición das comunidades autónomas, singularmente de Galicia, os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.

3. Instar á Xunta de Galicia a:

- Consolidar e estender o servizo dos CIM móbiles, favorecendo a súa presenza nos concellos que non dispoñen dun Centro de Información á Muller e nos ámbitos rurais, universitarios e xuvenís, co obxectivo de achegar á cidadanía a atención psicolóxica, social e xurídica, así como os recursos de prevención e sensibilización fronte á violencia contra as mulleres.

- Impulsar o desenvolvemento das medidas previstas na normativa galega contra o acoso e a violencia dixital, con especial atención á posta en marcha do servizo de eliminación da pegada dixital, ao asesoramento técnico e xurídico ás vítimas e á formación dos profesionais encargados da prevención, detección e atención destas novas formas de violencia.

Avda. Fernando Casas Novoa. Edf. CNL Portal A Baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981552480
ppdegalicia@ppdegalicia.com

CVD: zkPd6yiSX1TemGNwl00p Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

PP | GALICIA

- Fomentar o coñecemento e o acceso aos recursos, servizos e prestacións existentes a disposición das vítimas de violencia de xénero, tales como as axudas económicas directas e periódicas, as destinadas a facilitar solucións habitacionais, as orientadas á súa inserción laboral co obxectivo de acadar unha plena independencia do agresor, así como a atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.

- Afondar na colaboración cos centros educativos, as familias, os centros Quérote+, os Espazos Xove e as universidades galegas para identificar e previr as condutas de control, acoso, intimidación e violencia sexual ou dixital e promover estratexias específicas de prevención da violencia de xénero entre adolescentes e mozos.

Monfero, 16 de novembro de 2026

PP Monfero

Alcalde en funcións,

Alberto Cortizas Rejo

CVD: zkPd6yiSX1TemGNwl00p Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)